

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 27 DE OUTUBRO DE 2016

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:00 minutos do día 27 de outubro de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García e D. Francisco Xabier Molinos Campos, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Os concelleiros D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Tania Díaz Seijas; D^a Magdalena Ron Villar incorpóranse unha vez escomezada a sesión.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 5 DE XULLO E 30 DE AGOSTO DE 2016

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros as actas das sesións plenarias celebradas os días 5 de xullo e 30 de agosto de 2016.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación das actas

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Alcalde da conta da proposta de aprobación da ordenanza de Administración electrónica do seguinte teor literal:

“ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación ao Concello e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA

ARTIGO 4. Sede electrónica

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible na dirección URL <http://outeiroderei.sedelectronica.gal>

A titularidade da sede electrónica corresponderá á Administración municipal.

A sede electrónica créase con suxeición aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

A sede electrónica utilizará para identificarse e garantir unha comunicación segura, certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente.

A sede electrónica deberá ser accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe en que se comunique tal circunstancia.

ARTIGO 5. Catálogo de procedementos

Tal e como establece artigo 53.1 f) da citada Lei 39/2015, o interesado ten, entre outros, o dereito para obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

O Concello fará público e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións na sede electrónica.

ARTIGO 6. Contido da sede electrónica

o A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

o A identificación do órgano titular da sede e dos responsables da súa xestión e dos servizos postos a disposición da mesma e no seu caso, das subsedes dela derivadas.

o A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.

o Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

o Relación de sistemas de firma electrónica que, conforme sexan admitidos ou utilizados en sede.

o A relación de selos electrónicos utilizados pola Administración municipal, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como o sistema de verificación dos mesmos.

o Un acceso ao rexistro electrónico e á disposición de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.

o A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.

o Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.

o A relación dos medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar no exercicio do seu dereito para comunicarse coa Administración municipal.

o Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

o Acceso, no seu caso, ao estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.

o A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

o A indicación da data e hora oficial.

o Calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.

Se publicarán os días e o horario no que deban permanecer abertas as oficinas que prestarán asistencia para a presentación electrónica de documentos, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.

ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico

A sede electrónica terá un taboleiro de edictos electrónico onde se publicarán os actos e comunicacións que por disposición legal e regulamentaria así se determinen.

O Concello garantirá mediante os instrumentos técnicos pertinentes o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos co fin de asegurar a constatación da mesma a efectos de cómputos de prazos.

ARTIGO 8. Publicidade activa

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo iso de conformidade coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ARTIGO 9. Perfil de contratante

Desde a sede electrónica accederase ao perfil de contratante do Concello, cuxo contido se axustará ao disposto na normativa de contratación.

CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO

ARTIGO 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico

Mediante esta Ordenanza créase o rexistro electrónico do Concello e das súas entidades de dereito público dependentes, determínase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións que haberán de observarse na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na presente Ordenanza e, no non previsto por estes, na normativa de Dereito Administrativo que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico

Este Concello dispón dun rexistro electrónico xeneral no que se fará o correspondente asinto de todo documento que sexa presentado ou que se reciba.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico

O rexistro electrónico do Concello cumprirá as seguintes funcións:

A recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.

A expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación dos devanditos escritos, solicitudes e comunicacións.

A remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.

Calquera outras que se lle atribúan legal ou regulamentariamente

ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderá á Alcaldía do Concello.

ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste Concello situada na seguinte dirección <http://outeiroderei.sedelectronica.gal>

ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións

Os documentos presentados de maneira presencial ante esta Administración, deberán ser dixitalizados pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo daqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

O Rexistro Electrónico rexerese pola data e hora oficial da Sede electrónica.

O Rexistro Electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter data e hora de presentación, número de entrada do rexistro e relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá poñerse en coñecemento do usuario.

ARTIGO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicación

A Administración Municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar á integridade ou a seguridade do sistema.

b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando teña incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentadas no rexistro electrónico deberán ser legibles e non defectuosos, podéndose utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste Concello.

Nestes casos, informarase diso ao remitente do documento, con indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando iso fose posible, dos medios de corrección de tales deficiencias. Cando o interesado solicite, remitirase xustificación do intento de presentación, que incluíra as circunstancias do rexeitamento.

ARTIGO 17. Cómputo dos prazos

O rexistro electrónico rexerese, a efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administracións Públicas, pola data e a hora oficial da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O rexistro electrónico estará a disposición dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

CAPÍTULO 5. Notificacións electrónicas

ARTIGO 18. Condicións xerais das notificacións

As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Cando o interesado nun procedemento sexa unha persoa física e non designase a notificación electrónica como modalidade preferente de notificación, se a notificación tentada por outros medios non puido practicarse, a notificación poderá realizarse validamente por medios electrónicos.

Entenderase que a persoa física elixe co Concello a través de medios electrónicos, se nos seus actos de relación coa Administración municipal identifica como medio de contacto unha dirección de correo electrónico.

Os suxeitos obrigados a relacionarse co Concello por medios electrónicos de conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, deberán achegar a totalidade da documentación á que estean obrigados en soporte dixital e a través da sede electrónica municipal.

Con todo, o Concello poderá requirir a presentación complementaria en soportes físicos de determinados documentos técnicos, tales como planos ou proxectos.

Así mesmo, e salvo que os pregos de condicións administrativas establezan outra cousa, a presentación de ofertas no seo de procedementos de licitación efectuarase exclusivamente en soporte físico (sobre pechado) en ofíciiaa de asistencia ao rexistro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Entrada en funcionamento da sede electrónica e do rexistro electrónico

A sede electrónica e o rexistro electrónico entrarán en funcionamento o décimo día natural seguinte ao da publicación da aprobación definitiva da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Habilitación de desenvolvemento

Habíltese á Alcaldía Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Aplicación das previsións contidas nesta Ordenanza

As previsións contidas nesta Ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada momento, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando as mesmas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica”.

No cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ábrese un período de información pública de trinta días para a presentación de suxerencias. No suposto de que non se presentara suxerencia ou reclamación algunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional”.

Neste intre incorpóranse a voceira do grupo Foro Lugo Independiente e a concelleira Tania Díaz Seijas.

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG afirma estar de acordo co contido da ordenanza, mais non coa forma, xa que está redactada en castelán e debería estar en galego.

Neste intre incorpórase á sesión o voceiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández.

Por outra banda, a voceira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente alega que quere falar sobor o primeiro punto da orde do día.

O Alcalde recórdalle que se está a tratar o segundo punto da orde do día, e que o feito de que a concelleira chegara tarde non permite voltar a reabrir un punto xa tratado e votado.

En relación á Administración electrónica, a voceira afirma que está de acordo con toda proposta que mellore a calidade de vida dos veciños e veciñas.

O Alcalde, tras afirmar que se traducirá ao galego, somete a votación a aprobación da proposta de aprobación inicial da ordenanza de administración electrónica anteriormente transcrita.

Realizada a votación, a ordenanza resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

Dase conta da seguinte proposta de Alcaldía de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

FINCA RÚSTICA Nº 15

OUTEIRO DE REI

NOME: CIRCUITO DEPORTIVO DE OUTEIRO DE REI

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: Servizo público deportivo

SITUACIÓN:

Ref. catastral: 27039A074001900000GO

Pol 74, parcela 100

Parroquia: Robra

Lindeiros: A parcela atópase rodeada perimetralmente polo camiño público municipal con referencia catastral 27039A074090120000GQ

SUPERFICIE: 10.016 m²

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial. Procedente del antinguo monte comunal de Robra.

SITUACIÓN REXISTRAL: Non consta”

O voceiro do BNG anuncia a abstención dos concelleiros do seu grupo neste punto.

A voceira do Grupo Municipal de Foro Lugo Independiente pregunta pola ficha correspondente ao circuito deportivo de Outeiro de Rei, concretamente si efectivamente existe dito circuito deportivo e quen o pode usar.

O Alcalde afirma que existe dende, a lo menos, vinte anos, e que o pode usar quen o solicita. O campo de fútbol o utilizan acote os equipos de fútbol dende fai moitos anos.

A voceira pregunta se o empregan os veciños municipais.

O Alcalde responsta que esa pregunta pon de manifesto o escaso coñecemento da concelleira de esa realidade, xa que alí se celebraron múltiples competicións, algunha das cales reuniron a preto dun milleiro de persoas. O campo de fútbol é onde xoga o equipo de Bonxe dende fai moitos anos. Tamén se fan actividades variadas (aereomodelismo... etc.). Tamén existe unha parte que se emprega para acopio de materiais.

Neste intre incorpórase a concelleira Pilar Méndez Lombao.

A voceira de Foro Lugo Independiente afirma que existe un erro na ficha, xa a referencia catastral que consta na ficha é parcela 100, do polígono 74, e que a superficie correspondente á mesma é de 10.000 m2.

A referencia catastral correcta sería a parcela 190 do polígono 74, non a parcela 100, e a superficie expresada se corresponde co vial que rodea á finca onde se atopa o circuito deportivo, non ao circuito deportivo propiamente dito, de ahí a falla de correspondencia coa superficie e que se califique catastralmente como solo rústico.

O Secretario aclara que a calificación catastral como solo rústico non determina a natureza do inmovible.

Constatada a existencia do erro na referencia catastral, o Alcalde retira da orde do día a aprobación da ficha do inventario, a fin da súa corrección.

4.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES, DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

O Alcalde expón que, xa que a revisión catastral realizada polo Ministerio implica unha suba da recadación municipal do Imposto de Bens Inmobles, aquí proponse unha rebaixa dos tipos impositivos, de xeito que se pase o gravamen de urbana de 0,5 a 0,45.

Respecto do IVTM, prevese unha bonificación do 2% aos recibos domiciliados, xa que se pasan ao cobro antes que os non domiciliados, xa que estes últimos teñen un prazo de pago en período voluntario máis amplo.

Finalmente, establécese unha bonificación do 30% no Imposto de Actividades Económicas durante cinco anos para as empresas que se instalen no termo municipal durante o exercizo 2017.

O contido concreto da proposta é a seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

José Pardo Lombao, Alcalde- Presidente do concello de Outeiro de Rei.

Visto o incremento producido nas valoracións catastrais dos bens inmobles do concello.

Vista a necesidade de fomentar e estimular a actividade económica e empresarial no concello.

En uso das competencias recoñecidas e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta alcaldía considera oportuno e necesario modificar as Ordenanzas fiscais reguladoras dos seguintes impostos:

Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana e Rústica: Modificación do tipo de gravamen, que pasaría do 0,5 ao 0,45 nos bens de natureza urbana, e do 0,61 ao 0,40 nos bens de natureza rústica. Modificación do mínimo exento, que pasa a ser de tres euros.

Bonificación do 2 por cento da cota tributaria a favor dos suxeitos pasivos que domicilien o pago do I.B.I. e do I.V.T.M.

Imposto de Actividades Económicas: Bonificación do 30 por cento da cota durante cinco anos a favor das empresas que se instalen no concello no exercicio 2017.

Polo exposto anteriormente, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno

PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos artigos 1, 2 e 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles, nos termos indicados anteriormente, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 1: Feito imponible e supostos de non suxeizón e exención.

O feito imponible do imposto, así coma os supostos de non suxeizón e exección, serán os regulados nos artigos 61 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Asemade, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles rústicos e urbáns cuxa cuota líquida agrupada de tódalas cuotas relativas a un mesmo suxeto pasivo referentes a bens rústicos e urbáns sitos neste municipio sexa inferior a 3 euros.

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes:

Para bens inmobles urbáns o 0,45 por 100.

Para bens inmobles rústicos o 0,40 por 100.

Para bens inmobles de características especiais o 0,6 por 100.

Artigo 3: Bonificacións postestativas.

As vivendas que constituían a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.

- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

SEGUNDO. Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, nos termos indicados anteriormente, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3º.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación do 100 por 100 da cota do Imposto, incrementada ou non, para os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se ésta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, senon, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar

Establécese unha bonificación do 75% na cota do imposto de vehículos de tracción mecánica, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, os contribuíntes que adquiran un vehículo eléctrico, de biodiésel ou movido por hidróxeno, así coma os que adquiran un vehículo novo con catalizador homologado en substitución doutro que non dispuxera del, sempre que acrediten que o substituído vehículo será destinado a desguace.

Deberá presentarse solicitude, acompañando a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías anteriormente descritas.

Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

TERCEIRO. Engadir una Disposición Adicional Primeira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Adicional Primeira: Imposto de Actividades Económicas.

Establécese unha bonificación do 30 por cento da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tribute por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenrolo daquela.

A aplicación da bonificación requerirá que a actividade económica non se teña exercido anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcurridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no párrafo b) do apartado 1 do artigo 82 desta lei.

A bonificación se aplicará á cota tributaria, integrada pola cota de tarifa ponderada polo coeficiente establecido no artigo 86 e modificada, no seu caso, polo coeficiente establecido no artigo 87 desta lei. No suposto de que resultase aplicable a bonificación á que alude o párrafo a) do apartado 1 anterior, a bonificación prevista neste párrafo aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación do citado párrafo a) do apartado 1.

CUARTO. Engadir una Disposición Transitoria Primeira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Transitoria Primeira: Imposto de Actividades Económicas.

A bonificación prevista na Disposición Adicional Primeira aplicarase exclusivamente, e previa solicitude,, aos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial durante o exercicio 2017.

QUINTO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

SEXTO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Outeiro de Rei, 20 de outubro de 2016”.

Por outra banda, en tanto se presentaron dúas mocións, unha do BNG e outra do PSOE, cuxo contido versan sobor o Imposto de Bens Inmóbles, propón tratar as mocións e mais esta proposta de xeito conxunto.

A moción presentada polo Grupo municipal do BNG é do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte :

MOCIÓN RELATIVA Á APROBAR A NON RETROACTIVIDADE DA REGULARIZACIÓN CATASTRAL E A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IBI PARA REBAIXAR O SEU TIPO AO SEU MÍNIMO LEGAL ASÍ COMO BONIFICAR O PAGO DA TAXA DE REGULARIZACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2015 o goberno do PP en España aprobou unha norma polo que se procedeu a contratar a unha empresa privada para que levara a cabo unha "regularización" dos bens catastrais que segundo eles non estaban a ser tidos en conta ou tiñan un valor menor do real para o recibo da contribución urbana.

Estas empresas cobraban por expediente incoado unha parte deses 60 €, polo que procederon a dar de alta todo aquilo que puideron dun xeito as veces indiscriminado, tales como todo tipo de alpendres, palleiras, cortes e construcións agrarias e ata pozos e piscinas de plástico dos nenos. Do mesmo xeito, tamén incrementaron os valores dos inmóbeis de forma sistemática, ás veces simplemente por facer un pintado da fachada da casa, co cal, ademais de ter que pagar os 60 € polos expedientes, o valor dos inmóbeis incrementouse substancialmente e, polo tanto, o imposto deste ano vai vir máis alto, concretamente na mesma proporción que o incremento no valor do inmóbel. Hai que ter en conta tamén que o concello pode decidir, se o considera oportuno e dependendo exclusivamente del, cobrar ou non esta regularización dos bens catastrais cunha retroactividade de catro anos. Parece claro que de tomar o concello esta decisión, estaríamos ante un auténtico "atraco" á cidadanía.

Por se todo isto non fora pouco, o concello de Outeiro aprobou pasar o tipo da contribución urbana para este ano 2016 do 0,4% ao 0,5%, o cal xa vai significar en moitos casos dun xeito considerábel os recibos do IBI aínda de non producirse ningunha alteración no valor dos inmóbeis.

Todas estas circunstancias van facer que os recibos deste ano veñan en xeral bastante máis elevados que os de anos anteriores, que xa non eran precisamente baixos. Ademais diso, o que si é totalmente seguro e que a recadación por este imposto vaise disparar neste anos 2016. Loxicamente, a consecuencia directa é que o concello vai dispar de moitos máis cartas que en anos anteriores, cuestión que é a todas luces inxustificábel, dado a conxelación de servizos, tanto na calidade como na cantidade, que sufrimos a veciñanza de Outeiro e os cartas que lle "sobran" ao concello porque non é capaz de gastalos.

Debido a isto, dende o BNG eremos que o concello de Outeiro ten que modificar as súas ordenanzas encamiñándose a rebaixar o tipo que aplica á contribución urbana todo o que legalmente sexa posíbel.

As outras medidas que tamén nos parece léxico que debера tomar o concello sería garantir que non se van aplicar con efecto retroactivo as regularizacións catastrais e que se habiliten sistemas para bonificar as taxas de 60€ a aqueles veciños e veciñas que tiveron que pagalas. Ademais, somos perfectamente conscientes de que todas estas medidas non serán ningún tipo de problema para o concello, pois a recadación total aínda aplicándoas todas ao 100% seguirá a ser maior que en anos anteriores, cuestión que non parece importante para que a calidade dos servizos municipais non decaía e, de seguir a baixar, que non se deba a iso senón a propia incompetencia da xestión municipal tal e como acontece ata o de agora.

Por todo iso, na liña construtiva que sempre no caracteriza e dende a total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde ou organismos que corresponda para que poña en marcha os mecanismos necesarios para conseguir o seguinte:

1. Rebaixar o tipo de aplicación para o Imposto de Bens Inmóbeis (contribución urbana) ao máis baixo posíbel e que permita a lei española.

2. Que en ningún caso se cobre de forma retroactiva o imposto correspondente a anos anteriores nas regularizacións catastrais que se fixeron con "catastrazo".

3. Que se deseñen as medidas necesarias para bonificar ou compensar a todas as veciñas e veciños que pagaron o "taxazo" de 60€ ata conseguir a súa total devolución.

En Outeiro de Rei, a 22 de setembro de 2016

O voceiro do BNG pide desculpas por retrasarse dez minutos, se ben creía que chegaría a tempo e así non se ausentaba tanto tempo do seu posto de traballo na escola, xa que os concelleiros do PP adoitan a retrasarse, polo menos, outro tanto, e espera que se repita esta puntualidade.

Non se opón ao tratamento conxunto da moción do BNG coa proposta de modificación fiscal, se ben recorda que presentaron cinco enmendas en tempo e forma e considera que deben tratarse e, no seu caso, votarse.

Tamén afirma que non se produce unha rebaixa de impostos, xa que os cartos que recadará o concello coa revisión catastral, aínda con esta rebaixa, é moi superior ao que se viña recadando até o momento. De feito, o IBI urbana non soamente non se rebaixa senón que, dende o ano 2015 se incrementa un 12,5%, namentres os salarios non soamente non subiron esta cantidade, senón que moitos baixaron ou matéronse e, os que subiron, o fixeron nunha porcentaxe moi inferior, como é o caso dos pensionistas.

Isto significa que se incrementa a recadación fiscal, xa que os mesmos contribuintes, cuns mesmos ingresos, van a pagar moito máis do que pagaban no ano 2015. E nesta liña van as emendas que presentaron.

Afirma que comparten a totalidade das medidas propostas polo Alcalde salvo o tipo de gravame do IBI urbán, xa que un concello con excedentes económicos, que vai ver incrementado moi sustancialmente a base impositiva do imposto e que non mellorou os seus servizos, senón ao contrario, debería poñer o IBI no seu tipo máis baixo, que é o 0,4.

Tamén afirma que un concello como Outeiro de Rei ten unha ordenanza de un folio e medio, o que non é digno.

Tamén afirma que non é xusto que paguen o mesmo por unha casa unha persoa que vive con 600 euros de pensión, pague o mesmo pola súa casa que un millonario. Por este motivo, propón que aqueles cuxos ingresos non cheguen ao salario mínimo profesional estén exentos de pagar o IBI.

Engade que debe darse facilidades aos veciños para facer fronte ao pago dos impostos, o que se posibilitaría mediante o fraccionamento do pago da cuota tributaria, xa que o concello ten traballadores de abondo para afrontar este traballo extra.

Finalmente, propoñen unha bonificación no imposto equivalente ao importe das taxas de 60 euros pola regularización catastral, xa que as consideran abusivas. Asemade, considera unha barbaridade e un abuso que se cobre con efectos retroactivos os recibos do IBI correspondentes a edificacións que non foron dadas de alta polos seus titulares e que afloraron coa regularización catastral. Trae como exemplo unha piscina para nenos de lona, que deron de alta no IBI con carácter retroactivo.

Estas medidas que propoñen non implican unha baixa de recadación, xa que son conscientes de que para prestar servizos fai falla recadar impostos.

Remata afirmando que lle parece razoable a porcentaxe do 2% de bonificación pola domiciliación dos recibos, se ben convén matizar a súa incidencia real, que é de dúas centésimas.

Finalmente, non entende porqué se a Deputación de Lugo está a prestar o servizo de recadación ao 1%, o Concello contrata a unha empresa privada que cobra o 3%, para que os donos enchan os petos a custa dos veciños do concello.

A voceira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente expresa a súa coincidencia coas opinións expresadas polo voceiro do BNG. Ratifica a conveniencia de baixar o tipo impositivo, así como de estudar a situación das familias con escasos recursos económicos e que teñen serias dificultades para afrontar o pago dos impostos municipais, de xeito que sexan impostos equitativos e proporcionais aos ingresos das familias.

Solicitan que se prevea a posibilidade de fraccionar os pagos, xa que se xuntan todos os impostos nun curto espazo de tempo, o que implica un desembolso e esforzo grande para as familias. Propoñen que se faga coincidir parte do pago coas pagas extras, como xullo ou xuño, e se posibilite o fraccionamento.

Tampouco lle parece correcta a contratación dunha empresa foránea, xa que non favorece aos veciños e veciñas.

O Alcalde inicia o tratamento das enmendas, e a tal fin, solicita informe verbal ao Secretario sobor algún delas.

Iníciase o tratamento da emenda do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, e ante o proxecto de reforma da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, presentan a seguinte:

ENMENDA de engádea

Engadir unha disposición adicional transitoria na ordenanza que diga o seguinte:

As vivendas que constituían a residencia habitual dun cantr ibuínte que abaara no seu momento a au a taxa de regularización de 60€ aplicada polo Oireccións Xeral do Catastro nese procesa do ano 2015, gozarán dunha bonificación na cota íntegra da imposto equivalente aa pagada par esta taxa.

Se o importe da imposto non chegase ao valor das devanditas taxas abaadas, a bonificación es tenderase durante os exercicios que sexan necesarios”.

O Secretario afirma que o artigo 9 do TRLHL, dispón que “No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley”.

Informa que a bonificación ou exención contemplada na enmenda non está prevista na Lei, motivo polo cal non pode aprobarse.

Acto seguido o Alcalde da lectura á seguinte emenda:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, e ante o proxecto de reforma da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, presentan a seguinte:

ENMENDA de engádea

Engadir unha disposición adicional transitoria na ordenanza que diga o seguinte:

En todas as regularizacións producidas debido a existencia de construcións que teñan ou tiveran un uso agrario, a aquelas que leven constribuídas máis de 4 anos ou a todas as derivadas de obras menores, non se aplicará en ningún caso un efecto retroactivo a esa regularización.”

O Secretario informa que esta exención non está prevista na lei e, polo tanto, non é posible a súa regulación na ordenanza.

Trátase a emenda do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, e ante o proxecto de reforma da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, presentan a seguinte:

ENMENDA de engádea

Engadir un artigo que diga o seguinte:

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias e de entre todos os seus membros non sumen uns ingresos iguais ou superiores ao equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional durante o ano inmediatamente anterior á data de cobro do recibo do imposto, terán unha bonificación do 100% na cota íntegra do imposto, quedando polo tanto exentas da tributación deste imposto”.

O Secretario informa no mesmo sentido que as emendas anteriores.

Trátase a emenda do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, e ante o proxecto de reforma da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, presentan a seguinte:

ENMENDA de engádea

Engadir un artigo que diga o seguinte:

Todo aquel veciño ou veciña que poida ter dificultades para afrontar nun só pago o importe deste imposto municipal de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, poderá solicitar, a súa vez, que lle será concedido polo concello, o fraccionamento do pago nas cotas que o contribuínte considere, sempre que non exceda de 5 cotas nun prazo de un ano contado a partir da presentación a cobro do imposto.

O Alcalde afirma que a Lei regula a posibilidade do fraccionamento do pago das cotas tributarias sen que o contemple unha ordenanza, e de feito o Concello pode facelo en cinco ou máis cotas, se así o precisa a situación do contribuínte, e así o fará o Concello.

Respecto da última emenda, con rexistro de entrada 3585 e do teor literal seguinte:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, e ante o proxecto de reforma da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana e Rústica, presentan a seguinte:

ENMENDA de substitución

Na redacción do artigo número 2, no referente ao tipo de aplicacións aos bens inmóbeis de natureza urbana, substituír o gravame do 0,45% polo 0,40%:

Redacción do proxecto

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes: Para bens inmobles urbáns o 0,45 por 100.

Redacción proposta en enmenda:

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes: Para bens inmobles urbáns o 0,40 por 100”.

O Alcalde afirma que se precisan os servizos e para prestar servizos é necesario recadar impostos. E debido a que existe esta necesidade e a rebaixa proposta pola Alcaldía e razoable, anuncia a súa votación en contra.

O voceiro do BNG acepta o argumento de que o fraccionamento non precisa da súa regulación nunha ordenanza, se ben afirma que recoller esta posibilidade na ordenanza facilitaría que os veciños coñecesen esta alternativa.

O Alcalde considera que se pode engadir na ordenanza que se poderá fraccionar o pago en consontes coa lexislación tributaria, pero sen poñer limitacións de número de cuotas.

Ao voceiro do grupo municipal do BNG parécelle ben a solución proposta.

A continuación sométese a votación a emenda 3585 anteriormente transcrita.

Realizada a votación, a emenda resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos a favor.

Reanúdase o debate da proposta da Alcaldía, afirmando o sr. Alcalde que unha baixa do 0,5 ao 0,45 é claramente unha baixada tributaria, e que non é certo que sexan os mesmos contribuíntes, xa que a poboación medrou nos últimos anos.

Por outra banda, non lle parece mal que existan excedentes económicos, e agradece que recoñezan que para prestar servizos é necesario recadar impostos.

No que atinxe a que a ordenanza teña unha extensión de folio e medio, é dabondo para que a xente comprenda o que ten que pagar de IBI, e parece que coa súa crítica quere unha ordenanza longa que enrede á xente.

En relación á presión fiscal, afirma que o concello está nos dez concellos da provincia con impostos máis baixos.

Contestando á alusión do voceiro do BNG a un recibo relativo a unha piscina de lona, o Alcalde afirma que o procedemento ante o catastro permite presentar alegacións e, se o cidadán ten a razón, seguramente lla estimen. E de ser así teña a seguridade que o concello devolverá os cartos.

Afirma que se aleda da baixa dos custes do servizo de recadación provincial, xa que logo de máis de oito anos de goberno provincial non foron quen de rebaxar un custe altísimo, e soamente agora, cunha situación política diferente, logrouse rebaxar ao 1% os custes do servizo provincial. O Concello de Outeiro de Rei, que finalizou a vixencia do convenio coa Deputación Provincial, estudará se nun futuro compensa suscribir un novo convenio de recadación coa institución provincial, xa que non se trata soamente do aspecto económico, senón fundamentalmente da eficacia do servizo.

Recorda que ao Concello de Outeiro de Rei, nos oito anos anteriores, a Deputación cobrou polo servizo de recadación máis que do que aportou a Deputación ao concello nos diferentes plans de obras e servizos.

O voceiro do grupo municipal do BNG nega que esté en contra das empresas. Afirma que soamente está en contra das empresas que financian ao Partido Popular, como se está a demostrar agora, ou das grandes empresas rescatadas polo goberno popular a custa de afogar aos autónomos ou as pequenas e medianas empresas, que son as que loitan tódolos días por sacar ao país a diante, e non coma as grandes empresas, que cando veñen mal dadas levantan o cesto e deixan aos traballadores na rúa.

Fai dous anos o IBI pasou do 04 ao 05, é dicir, unha suba do 25%. E agora se baixa ao 045. É dicir, en dous anos pasa do 04 ao 045, é dicir: sube un 12,5%, e iso con menos contribuintes, o que fará que suba a presión fiscal, e sen que os servizos foran a máis.

De feito, subiron os custes das actividades para os nenos, polo que hai xente que xa non pode levalos; non se lavan as veirarúas en Guillar; empeorou a calidade dos desbroces das pistas (xa non se pasa a desbrozadora vertical)..., polo tanto, subiron os ingresos e empeoraron os servizos.

Engade que non é presentable a proposta que traen relativa ao IBI, xa que un millonario con familia numerosa, como Ruiz Mateos, aquí tería unha exención do IBI, mentres que un traballador ou parado, coa mesma casa, tería que abonar a totalidade do IBI.

A voceira de Foro Lugo Independiente afirma que o seu partido non é de dereitas nin de esquerdas nin dos populistas, senón que xurdiu coma reacción ao actual goberno municipal, que é un goberno de falsas promesas e sen transparencia.

Engade que non está en contra das empresas, pero que sería mellor que a empresa que leve a recadación fose unha empresa do concello ou do entorno, para axudar a crear traballo e riqueza, pero contratar a unha empresa que está en Andalucía non axuda, namentres que o polígono está baleiro.

E mentres se fai esto, os problemas dos veciños están sen resolver: o polígono segue baleiro, non hai un centro de día, que é moi necesario.. etc.

O Alcalde recorda que, sempre que os veciños se pronuncian, refrendan as propostas do equipo de Goberno, as propostas serias que sempre cumpren, e por iso, cada quen ten os resultados electorales que ten.

Resposta ao voceiro do BNG que o IBI é un imposto real, que graba os bens, polo que pouco ten que ver co padrón municipal, e recórdalle que cada día hai máis bens inmoebles neste concello

Alédase que non estén en contra das empresas, e afirma que descoñece a realidade do polígono, e recórdalle que, atendendo ao tempo no que se fixo, leva un bo ritmo de consolidación, e que, precisamente, na presente proposta se traen medidas para dinamízalo.

Respecto das grandes empresas e dos bancos, aos que tanto fai referencia o BNG, recorda que foi co goberno de esquerdas ao que o BNG apoiou na investidura, quen primeiro levou ao desastre a economía e os bancos, e logo os rescatou.

A revisión catastral non se fai soamente neste concello, senón nunha morea deles, xa que o Goberno do Partido Popular tivo que tomar medidas dolorosas para revertir a situación catastrófica na que a esquerda deixou España, e gracias a estas medidas xa se crearon preto de dous millóns de postos de traballo.

Este concello chegou a ter uns 4000 habitantes, e agora ten uns 5000, o que significa que medrou un 25% nos últimos anos, porcentaxe que non acadou ningún outro concello.

En resposta ás alegacións relativas á calidade dos servizos, informa que aínda fai uns días presentaron o programa de actividades que contempla 1000 prazas, que sobre unha poboación de 5000 non está mal.

E se nalgún caso hai lixo xunto aos contenedores non é por falla de contenedores, xa que tan pronto se detecta unha necesidade de este tipo se satisface, senón porque sempre hai alguén que o deixa ao pe do contenedor, xa que a limpeza é unha cuestión de todos.

Finalmente, e para que se fagan a unha idea da presión fiscal de este Concello, no Concello de Lugo, cuxo goberno sustenta o BNG, o IBI urbán está a 067 e o de rústica a 030, o de BICES a 062, a bonificación do 30% e a segunda do 50%, e a subida de valores foi igual que en este concello (10%), por iso non poden predicar o contrario do que fan onde gobernan ou sustentan o goberno.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta anteriormente transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG e máis de Foro Lugo Independiente.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 3109

Inicia o debate o concelleiro do BNG don Xavier Molinos Campos, defendendo a moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN:

PARA QUE O CONCELLO HABILITE UN RECINTO PRÓXIMO AO COLEXIO COMO APARCADOIRO PÚBLICO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai uns cursos (conforme aumentou a matrícula do colexio) véñense producindo múltiples problemas de estacionamento á entrada e á saída do colexio, problemas que fan necesaria a adopción de medidas por parte do Concello. A falta de espazos onde aparcar os vehículos privados provoca que os conductores se vexan abrigados, en moitas ocasións, a estacionar o seu coche invadindo o carril de circulación ou impedindo as manobras doutros vehículos, xerandose unha evidente situación de incomodidade e, o que é aínda máis importante, de auténtico perigo para as nenas e nenas que acoden ao colexio.

Desde o BNG consideramos que a Alcaldía debe realizar as xestións pertinentes para solucionar esta situación. Un Goberno Municipal debe caracterizarse por ser unha ferramenta ao servizo da cidadanía, procurando o benestar para todos e traballar para acadar as maiores cotas de seguridade para todo a cidadanía.

Por todo iso, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

MOCIÓN

Que o Concello consiga de forma urxente un terreo ou solar próximo ao colexio para adaptalo como aparcadoiro para evitar os problemas de estacionamento que se producen á entrada e á saída do alumnado do colexio público de Outeiro de Rei.

En Outeiro de Rei, a 21 de setembro de 2016”

Rematada a defensa da moción, a voceira do Grupo Municipal de Foro Lugo Independiente manifesta a súa total conformidade coa moción, engadendo que debería facerse polo Goberno sen necesidade de traelo a pleno.

O Alcalde informa que a partida 323.600, do orzamento do presente exercizo xa prevé crédito de 50.000 euros para a adquisición dos terreos para a ampliación do aparcadoiro do CEIP, e dita partida non está no orzamento por casualidade.

De feito, xa dende o ano pasado está en negociación cos propietarios para chegar a un acordo na venda dos terreos, e espera que fructifiquen ao longo de este ano e, de non chegar a este acordo, terán que iniciar un expediente de expropiación.

E isto non é unha promesa, senón un feito, o que acredita o feito de que xa se atopa expresamente orzamentado.

Este concello, a pesares do que dín dende o BNG sobor a evolución da poboación, cada vez ten máis nenos, e é unha aposta de este Goberno o prestar os mellores servizos ao respecto, coma xa se fai coa ludoteca, coas actividades culturais e deportivas, coa Escola Infantil, ou cos investimentos que mesmo fixo o concello coa ampliación do comedor para que todos podan almorzar na escola, e agora coa ampliación do aparcadoiro, presenten ou non esta moción.

Insiste en que levan un ano negociando a adquisición dos terreos e que van a ampliar o aparcadoiro, se ben tamén advirte que a ampliación non resolverá tódolos problemas, xa que o CEIP está a carón da N-VI e isto non se pode cambiar, se ben están a tratar co Ministerio a colocación de algunha sinal adicional de meirande visibilidade.

Seguramente antes do inicio do próximo curso terán o espazo para ampliar o aparcadoiro.

O concelleiro do BNG recorda que están a falar de un problema de seguridade, e de feito hai accidentes. Na N-VI non hai un semáforo nin unha rotonda ou vía de incorporación á N-VI, e isto é unha irresponsabilidade. Claro que está orzamentado no orzamento para o ano 2016, pero o ano 2016 está a rematar, quedan dous meses, e aínda non se executou. ¿A qué está esperando? ¿A que haxa un accidente?.

Dende que se presentou a moción xa aconteceron dous accidentes.

Os pequenos teñen un campo visual moito máis reducido que os adultos, non son quenos de ver os coches en moitos casos. E as veces os nenos van acompañados dos abós, que tamén teñen a súas limitacións. E isto da orixe a un risco que debemos evitar con medidas de seguridade que, a día de hoxe, non existen nesta zoa.

A voceira de Foro Lugo Independiente manifesta a súa coincidencia coa exposición do concelleiro do BNG.

O Alcalde insiste en que están en negociacións para acadar os terreos.

Asemade, afirma que a meirande parte dos nenos veñen en transporte escolar, e que a suba e baixada dos autobuses se fai nunha zoa acotada, o que non acontece na meirande parte das escolas de Lugo.

Reitera que a ampliación do aparcadoiro está en marcha, e que esta moción se trae aquí xa que viron que está orzamentado. E insiste en que antes do próximo curso espera que este proxecto esté resolto.

E como esta moción ten por obxecto algo que xa está previsto, anuncia o seu voto en contra.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, e tres a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis de Foro Lugo Independiente.

8.- MOCIÓN URXENTE

O Alcalde da lectura, en viva voz, dun extracto do escrito remitido polo Ministerio de Fomento de 1/7/2016, do seguinte teor literal:

“O 4 de febreiro de 2016 se mativo unha reunión co Alcalde de Outeiro de Rei e o representante da Demarción de Carreteras del Estado en Galicia, no marco da cal se identificaron as seguintes solicitudes do Concello:

(...)

A habilitación de un carril central de espera na N-VI para mellorar o acceso á igrexa e ao cemiterio da parroquia de Brandián-Robra.

Todas esas solicitudes foron elevadas á Dirección General de Carreteras como proposta de orden de estudio en marzo de 2016. En resposta a esa solicitude, a Dirección General de Carreteras emitiu recentemente a orden de redactar o proxecto correspondiente e cuxa contratación está pendiente de que exista dispoñibilidade orzamentaria”.

O voceiro do BNG considera que, se ben esa proposta é a idónea, namentres non exista dispoñibilidade orzamentaria e se redacte o proxecto, que xa se verá cando existe, os veciños terán que ir a dala volta a Larsa, namentres o que se pode facer e pintar a discontinuidade da línea.

O Alcalde afirma que a línea contínua non se pintou de agora, senón de fai moito tempo por razóns de seguridade, e de feito os técnicos da Demarcación afirmaron que non se podía despintar a carretera polo seu trazado.

Así que, existindo estas razóns de seguridade viaria, non pode apoiar o que se propón.

A continuación, sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia resulta rexeitada con oito votos en contra, e tres a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis de Foro Lugo Independiente.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do Rogo presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:

ROGO PARA O URXENTE ARRANXO DA VARANDA EXISTENTE NO CAMPO DA SANTA ISABEL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A área recreativa da Santa Isabel é un dos lugares máis representativos do noso Concello. A carball eira, a ermida, as beiras do Miño... forman un conxunto único que cada vez é máis visitado. É normal ver veciños paseando e gozando deste entorno único, na tempada da pesca son numerosos os pescadores que andan por estas ribeiras, este ano miles de rapaces galegos pasaron por ela co gallo de declarar o Día das Letras Galegas ao noso paisano Manuel María.

Este escribía "O muíño que está ao pé do Miño,/enorme como un monte, seguro/". Pois non tan seguro, xa que na senda que leva cara o dito muíño, cara a praia fluvial, atopamos que a primeira ponte pala que ternos que pasar presenta os seus beirís en moi mal estado. Senda un perigo manifesto para os transeúntes.

Polo cal presentamos o seguinte rogo

ROGO:

Que a varanda de dita ponte sexa amañada o antes posíbel para evitar accidentes non desexados”.

O Alcalde afirma que tan pronto teñen coñecemento de danos, ben por vandalismo ou por outro motivo, se arranxan coa maior premura posible. E estes danos se arraxarán nos días seguintes.

O Secretario da lectura do rogo presentado polos concelleiros de grupo municipal de Foro Lugo Independiente, do seguinte teor literal:

“DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA Y DOÑA MARÍA MAGDADLENA RON VILLAR, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente FORMULAN EL SIGUIENTE

RUEGO, en base a los siguientes hechos:

Este Grupo municipal es conocedor de que varios vecinos de este Concello se han puesto en contacto con usted Sr. Alcalde tanto por vía telefónica como por escrito, para exponerle ciertas necesidades que tienen en el lugar de Constante, con relación a un aumento de animales abandonados por esta zona, siendo preocupante el caso de felinos(gatos comunes asilvestrados) que buscan alimento y a veces se introducen en patios y garajes de vecinos que tienen animales domésticos para robarles la comida, produciendo destrozos en jardines y enfrentamientos con otros animales, entre otras problemáticas, ocasionando un malestar general. Con el fin de evitar males mayores los vecinos dan alimento a estos pobres animales lejos de las viviendas, pero con esto no se soluciona el problema, ya que, hay gatas posiblemente preñadas ,hecho que ocasionará un aumento de la colonia felina sin ningún tipo de control. Así las cosas, y como hasta la fecha estos vecinos no han recibido ningún tipo de contestación al respecto por parte de la Alcaldía:

ROGAMOS.- Que tal y como se recoge en la Ley 8/2014, de 26 de septiembre, de reforma de la Ley 1/93, de 13 de abril de protección de animales, el Ayuntamiento recoja a los animales abandonados y los lleve a un centro especializado, o para el caso de que el Ayuntamiento no tenga manera de recogerlos y trasladarlos, sean los propios vecinos afectados los que puedan llevarlos a un centro de recogida que indique y estime el propio Ayuntamiento con el fin de solucionar de la manera más eficaz y rápida este problema que dadas las circunstancias planteadas cada día va en aumento con el perjuicio que ello conlleva para estos vecinos afectados”.

O Alcalde asegura que non se puxeron en contacto co Alcalde, senón con algún traballador municipal, o que é o mesmo porque o Concello sempre trata de acadar solucións.

Non obstante, apunta que a Deputación de Lugo debería facer algo ao respecto, xa que é difícil para un concello coma o noso afrontar este tipo de problemas, xa que nos estamos nunha zona rural, non unha cidade, onde os animais soltos deambulan por ahí moi frecuentemente. De feito, son innumerables as ocasións onde o 112 chama por avisos de animais soltos e, chegados alí, xa non está o animal.

A voceira de Foro Lugo Independiente pregunta qué solucións se lle ofrecen entón aos veciños do lugar.

O Alcalde resposta que hai que examinar o tema, pero o que se fai é recoller aos animais por un centro autorizado (neste caso, unha empresa, xa que expirou o convenio coa asociación protectora de animais), e procurar a súa pronta adopción.

O Secretario da lectura ao escrito de preguntas presentado polos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“PARA A CONTESTACIÓN POR PARTE DA ALCALDÍA SOBRE SE EXISTE INTENCIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE ESTENDER A LIMPEZA DAS BEIRARÚAS AMÁIS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A limpeza das beirarrúas é unha necesidade básica que nun Concello como o noso debería estar cuberto na súa totalidade. É evidente que este servizo non chega a tódolos núcleos onde a rede viaria pública municipal conta con este espazo.

Tendo en conta que tódolos veciños e veciñas pagan por igual os seus impostos, non debería quedar ningunha zona habitada, por pequena que sexa, sen cubrir. Todos pagamos por ter un Concello limpo e ben coidado.

A falta de hixiene nas beirarrúas afecta directamente aos veciños, pero tamén aos transeúntes que desta forma transmiten unha imaxe negativa do noso Concello.

Tan claro como o anterior é que as finanzas do Concello non pasan por momentos de apuros, xa que nos últimos exercicios houbo un remanente considerable, por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte pregunta:

PREGUNTA:

Se o Concello ten a previsión de estender a limpeza das beirarrúas a máis núcleos de poboación do mesmo nun futuro próximo?”.

O Alcalde afirma que se fai a limpeza das veirarúas en todo o concello dende fai moitos anos e a seguirá a facer, e se a día de hoxe queda algo sen facer é porque non deu tempo. Non obstante, informa que a Deputación no mes de agosto aínda non tiña nada limpo.

O Concello ten dúas desbrozadoras permanentemente adicadas a esto e, cando non chega, acudimos á contratación externa.

E non habendo máis asuntos a tratar e sendo as quince horas e vinte minutos, o Alcalde levanta a sesión, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.